



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación

IDIOMAS APLICADOS AO CANTO

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1





Índice

1.	Introdución	3
2.	Metodoloxía	4
3.	Atención á diversidade	5
4.	Temas transversais	5
	4.1 Educación en valores	6
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	7
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	8
6.	Secuenciación do curso	8
	6.1 Curso:.....	8
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	62
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	64
9.	Anexo	64





1. Introducción

Estes idiomas son esenciais para calquera alumno de canto posto que o repertorio habitual de concerto composto nestes catro idiomas, agás do castelán e galego, constitúe a base fundamental da súa aprendizaxe, ademais de ser fundamental no posterior desenvolvemento da súa carreira artística. Así mesmo, hai que destacar que os estudantes de canto deben iniciar a aprendizaxe da técnica vocal aplicada, con repertorio en lingua italiana. Idiomas como o alemán, inglés ou francés introducíranse máis adiante cando exista unha maior bagaxe técnica, debido precisamente ás dificultades específicas que supoñen estes idiomas para o canto. É por iso, que nesta materia faise especial fincapé ademais de na fonética, fundamental para o bo desenvolvemento da interpretación das obras compostas en calquera das linguas, tamén na adquisición dos elementos necesarios para a comprensión dos textos cantados, nun breve prazo de tempo, posto que simultaneamente ao estudo do idioma xa deben empezar a cantar practicamente a totalidade do seu repertorio.

Ademáis, será necesario abordar como complemento aos obxectivos puramente prácticos da materia, a adquisición de todos os coñecementos adicionais que poidan adquirirse, en relación ao idioma e a cultura da lingua en cuestión, tales como a literatura, arte, etc., elementos necesarios para o enriquecemento da interpretación.

Será unha aprendizaxe indisolublemente ligada aos estudos vocais, afondando sempre en ámbalas dúas direccións: o coñecemento do idioma debe acompañar o





progresivo dominio da técnica vocal, polo que haberá que ter en conta as prioridades que se presentan no repertorio.

2. Metodoloxía

Sostida nos principios metodolóxicos suxeridos no *DECRETO 223/2010, de 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia*, no seu artigo 39, epígrafe c, realizarase unha avaliación inicial do alumnado para establecer as medidas pedagóxicas adecuadas e conducentes ao logro dos obxectivos do curso que se imparta. Dotarase ao alumno dos coñecementos básicos sobre fonética e estruturas gramaticais básicas para a tradución de textos, a través de material didáctico que poida empregar de xeito autónomo e co cal poida realizar traducións e transcripcións fonéticas de partituras do repertorio, así como traducións de artigos sobre o canto.

2.1. Traballos Didácticos:

- Transcripción fonética de textos.
- Lectura detida dos mesmos.
- Tradución de textos cantados. Tradución do repertorio do alumno.
- Declamación dos textos cantados.
- Interpretación cantada do mesmo atendendo á pronunciación correcta.
- Audición comentada por diferentes intérpretes, de distintas nacionalidades, da obra traballada.





- Estudo da lingua mediante soporte audiovisual.

2.2. Estratexias de Aprendizaxe:

- Técnicas de estudo fundamentais na aprendizaxe dunha lingua estranxeira: manexo do dicionario e outros libros de consulta, técnicas de lectura, técnicas de comprensión auditiva, etc.

2.3. Material e Lugar:

- Aula que dispoña de radio-cassette-cd. Tv e vídeo.
- Ordenador con conexión a internet.
- Cds e Cassettes do método de italiano.
- Cds, e vídeos de óperas e cantantes.
- Partituras, piano, encerado.
- Textos nas diferentes linguas.
- Dictionarios.
- Libros e artigos diferentes para traducir.
- Libros de gramática
- Libro de exercicios.





3. Atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade e alumnado con necesidades educativas especiais:

No caso de contar con alumnos con necesidades especiais, unha vez identificadas estas, procederase á consulta dun especialista na materia que asesore ao departamento para a atención particular do caso.

4. Temas transversais

1.1 Educación en valores

Os temas transversais son temáticas que deben tratarse no sistema educativo e en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero que non conforman unha materia de estudio concreta, e ó mesmo tempo deben ser tratados en todas as materias do





currículo. Constarán como temas transversais relacionados coa educación en valores os seguintes:

“Educación moral e cívica”

Promoveranse actitudes de tolerancia e respecto tanto coa realización de exercicios en grupo como individuais.

“Educación para a paz”.

Animarase a unha convivencia harmónica vendo as repercusións positivas do coñecemento das diferentes linguas.

“Educación para a saúde e a calidade de vida”.

A través dos aspectos positivos do coñecemento de linguas extranxeiras.

“Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos”.

Inculcando valores de igualdade, e levando a cabo actuacións que non creen ningún tipo de diferenza entre sexos.

1.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

A constante presenza das TIC´s no mundo actual, fai importante tamén a presenza das mesmas na aula. Así, aproveitaremos os recursos dispoñibles para explorar e dar a





coñecer ó alumnado as posibilidades que nos proporcionan os distintos medios tecnolóxicos dispoñibles no centro (Internet, gravación, edición de son, edición de partituras, acceso a partituras de dominio público...)

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Acercamento a os idiomas e a cultura de cada país mediante a lectura de libros nos respectivos idiomas e prensa escrita.

Audicións de concertos e óperas, tanto a través de grabacións como de asistencia a concertos en directo.

6. Secuenciación do curso

1.3 Curso: Lingua Italiana I Curso

1.3.1 Obxectivos

- Ao longo dos cursos traballaranse aspectos gramaticais, de fonética e ortografía, así como de morfoloxía e sintaxe.
- Adestraranse as destrezas fonéticas (articulación, emisión correcta, recoñecemento, aplicación á fonética cantada, coñecemento das regras do sistema fonético-fonolóxico).
- Utilización do repertorio individualizado para a adquisición e realización automatizada do sistema fonético-fonolóxico.





- Comprensión global dos textos poéticos-literarios e coñecemento do seu contexto histórico, cultural e artístico.
 - Análise fonético. Comprensión global de mensaxes orais. Reprodución e produción de mensaxes orais.
-

1.3.2 Contidos

- Ao longo dos cursos traballaranse aspectos gramaticais, de fonética e ortografía, así como de morfoloxía e sintaxe.
 - Adestraranse as destrezas fonéticas (articulación, emisión correcta, recoñecemento, aplicación á fonética cantada, coñecemento das regras do sistema fonético-fonolóxico).
 - Utilización do repertorio individualizado para a adquisición e realización automatizada do sistema fonético-fonolóxico.
 - Comprensión global dos textos poéticos-literarios e coñecemento do seu contexto histórico, cultural e artístico.
 - Análise fonético. Comprensión global de mensaxes orais. Reprodución e produción de mensaxes orais.
-





- **Práctica dos sistemas fonético e gráfico (tres trimestres)**

- O alfabeto e o nome das letras.
 - O vocalismo.
 - As combinacións vocálicas.
 - As consonantes simples.
 - As consonantes dobres.
 - Posición do acento.
-

- **O acento gráfico: tipos e usos obrigatorios. Iniciación á morfosintaxis (tres trimestres)**

- Essere: presente de indicativo.
- Avere: presente de indicativo.
- Operacións didácticas preliminares sobre o xénero e o número.
- O substantivo.
- O adxectivo.
- O artigo.
- Os verbos irregulares máis comúns.
- Os pronomes persoais suxeito.
- Os pronomes e adxectivos posesivos.





- Os pronomes e adxectivos demostrativos.

- **Estudo do léxico, das funcións e dos actos comunicativos (tres trimestres)**
 - Saúdos e despedidas.
 - Números.
 - A hora.
 - Nomes de parentesco.
 - Cores.
 - Os días da semana, os meses e as estacións do ano.

- **Achegamento á cultura e á civilización (segundo e terceiro trimestre)**
 - Italia.
 - Lectura simplificada de relatos curtos.

- **Interpretación de textos cantados (tres trimestres)**
 - Lectura, tradución, comentario do texto, lectura fonética e interpretación de partituras dos repertorios de canto dos alumnos e doutras cancións italianas.





1.3.3 **Avaliación**

1.3.4 **Criterios de avaliación**

- **EMITIR CORRECTAMENTE BREVES CONTIDOS ORAIS EN LINGUA ITALIANA.**

Avalíase a capacidade de comprensión do alumno da lingua italiana.

PONDERACIÓN: 10%

- **LER DE XEITO AUTÓNOMO UN TEXTO LITERARIO MUSICAL EN ITALIANO.**

Avalíase a capacidade de relacionar os coñecementos do idioma co contido e tratamento musical.

PONDERACIÓN: 20%

- **COMENTAR FONÉTICAMENTE TEXTOS DE PARTITURAS ESTUDADAS.**

Avalíase a capacidade do alumno para aplicar de forma autónoma os coñecementos fonéticos da interpretación musical.

PONDERACIÓN: 15%





- **CANTAR DE MEMORIA PRONUNCIANDO CORRECTAMENTE O TEXTO DAS PARTITURAS DO REPERTORIO DO ALUMNO.**

Avaliase o dominio do alumno en relación coas destrezas fonéticas adquiridas.

PONDERACIÓN: 40%

- **TRADUCCIÓN DE TEXTO.**

Avaliase a capacidade do alumno de comprender e traducir textos sinxelos adecuados ao nivel do curso e escritos na lingua obxecto de estudo, con axuda dun diccionario se fose necesario.

PONDERACIÓN: 15%

1.3.5 **Mínimos esixibles**

Ao termo do primeiro curso, o alumno haberá de ser capaz de realizar as seguintes funcións:

- Comprensión global de mensaxes orais.
- Reprodución e produción de mensaxes orais básicos.
- Utilización do repertorio individualizado para a adquisición e realización automatizada do sistema fonético-fonolóxico.





- Comprensión global dos textos poético-literarios básicos e coñecementos do seu contexto histórico, cultural e artístico.
- Tradución tan fidedigna como sexa posible do repertorio.
- Construcións gramaticais básicas.
- Adestramento das destrezas fonéticas (articulación, emisión correcta, recoñecemento e diferenciación auditiva das fonemas, pronuncia correcta, aplicación á fonética cantada, coñecemento das regras do sistema fonético).
- Entoación: pautas básicas
- Recoñecemento de símbolos fonéticos
- O contido léxico abranguerá o vocabulario activo e pasivo necesario para desenvolver adecuadamente os contidos funcionais-comunicativos recollidos no repertorio do 1º curso de canto.
- Vocabulario recorrente en poesía e música así como o léxico pasivo básico de libros de lectura adecuados a este nivel.

1.3.6 **Procedementos e ferramentas de avaliación**

Procedementos:

- Observación individual do aprendizaxe mostrado nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e autocorrección.
- Observación do seu rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.





- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.

Ferramentas:

- Diario de aula.

Boletín de cualificacións.

Criterios de cualificación

Ao longo do curso realizarase unha avaliación continua na que se avaliarán os progresos do alumno mediante actividades como: transcripción fonética, tradución e lectura dun texto, así como interpretación de obras do repertorio.

Calibración

Realizarase, ao menos, una proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente.

Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados ás mesmas.





Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Quedará a criterio do profesor a través do seguimento diario do alumno, valorando os avances en cada un dos obxectivos e contidos do curso e a correcta integración por parte do alumno deses aspectos.

1.3.7 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

A perda de avaliación continua dará lugar a unha probra final que comprenderá tres partes: proba escrita, proba falada e proba cantada.

Probas extraordinarias de setembro

Constará dos mesmos requisitos que no procedemento de recuperación ordinaria.

1.3.8 Recursos didácticos

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA ITALIANO

- “L’italiano per studenti – Corso comunicativo di italiano per stranieri – Libro dello studente (primo livello)” (Gruppo Meta)
- “Libro de exercicios máis do CD” (Gruppo Meta)
- Dicionario italiano- español Larousse.





1.4 Curso: Lingua Italiana II Curso

1.4.1 Obxectivos

- Lograr soltura e autonomía no correcto manexo dos signos fonéticos podendo transcribir e pronunciar correctamente calquera texto escrito en italiano.
 - Repasar e ampliar a gramática básica necesaria para a comprensión de mensaxes orais e escritos.
 - Ampliar o vocabulario básico xeneral aprendido durante o curso anterior e engadir o vocabulario necesario para comunicarse dentro do mundo da música e o teatro e, máis concretamente, do canto.
 - Adquirir maior autonomía na tradución correcta de textos do repertorio en italiano que cada alumno abarca nas súas clases de canto así como textos literarios e de ensaio.
 - Ler e declamar correctamente calquera texto dándolle sentido.
 - Cantar repertorio en italiano integrando a fonética xusta do idioma, articulación, fraseo, etc., coa técnica vocal, sen que unha vaia en detrimento da outra.
-

1.4.2 Contidos

- **Introdución á lingua italiana (primeiro trimestre)**
 - **Práctica dos sistemas fonético e gráfico (tres trimestres)**
-





- As combinacións vocálicas.
 - As consonantes simples.
 - As consonantes dobres.
 - Observacións sobre os grafemas.
 - A adecuación grafía-son.
 - O acento prosódico na fonoloxía da palabra.
 - Posición do acento.
 - O acento gráfico: tipos e usos obrigatorios.
 - A puntuación.
 - A elisión.
 - O apócope.
-

- **Teoría e práctica da morfosintaxis (tres trimestres).**

- O sistema verbal.
- Os verbos irregulares máis comúns.
- Os verbos reflexivos e pronominales.





- Substantivos e adxectivos: as principais excepcións de xénero e número.
- Pronomes persoais complemento directo.
- **Estudo do léxico, das funcións e dos actos comunicativos (tres trimestres).**
- **Interpretación de textos cantados (tres trimestres).**
 - Lectura, tradución, comentario do texto, lectura fonética e interpretación das partituras dos repertorios de canto dos alumnos e doutras cancións italianas.

1.4.3 **Avaliación**

1.4.4 **Criterios de avaliación**

- **EMITIR CORRECTAMENTE BREVES CONTIDOS ORAIS EN LINGUA ITALIANA.**

Avalíase a capacidade de comprensión do alumno da lingua italiana.

PONDERACIÓN: 10%

- **LER DE XEITO AUTÓNOMO UN TEXTO LITERARIO MUSICAL EN ITALIANO.**

Avalíase a capacidade de relacionar os coñecementos do idioma co contido e tratamento musical.

PONDERACIÓN: 15%





- **COMENTAR FONÉTICAMENTE TEXTOS DE PARTITURAS ESTUDADAS.**

Avalíase a capacidade do alumno para aplicar de forma autónoma os coñecementos fonéticos da interpretación musical.

PONDERACIÓN: 20%

- **CANTAR DE MEMORIA PRONUNCIANDO CORRECTAMENTE O TEXTO DAS PARTITURAS DO REPERTORIO DO ALUMNO.**

Avalíase o dominio do alumno en relación coas destrezas fonéticas adquiridas.

PONDERACIÓN: 40%

- **TRADUCCIÓN DE TEXTO.**

Avalíase a capacidade do alumno de comprender e traducir textos sinxelos adecuados ao nivel do curso e escritos na lingua obxecto de estudo, con axuda dun diccionario se fose necesario.

PONDERACIÓN: 15%





1.4.5 Mínimos esixibles

Ao termo do segundo curso, o alumno haberá de ser capaz de realizar as seguintes funcións:

- Comprensión global de mensaxes orais.
- Reprodución e produción de mensaxes orais básicos.
- Utilización do repertorio individualizado para a adquisición e realización automatizada do sistema fonético-fonolóxico.
- Comprensión global dos textos poético-literarios básicos e coñecementos do seu contexto histórico, cultural e artístico.
- Tradución tan fidedigna como sexa posible do repertorio.
- Construcións gramaticais básicas.
- Adestramento das destrezas fonéticas (articulación, emisión correcta, recoñecemento e diferenciación auditiva das fonemas, pronuncia correcta, aplicación á fonética cantada, coñecemento das regras do sistema fonético).

1.4.6 Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos:

- Observación individual do aprendizaxe mostrado nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e autocorrección.
- Observación do seu rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.





- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.

Ferramentas:

- Diario de aula.
- Boletín de cualificacións.

Criterios de cualificación

Ao longo do curso realizarase unha avaliación continua na que se avaliarán os progresos do alumno mediante actividades como: transcripción fonética, tradución e lectura dun texto, así como interpretación de obras do repertorio.

Calibración

Realizarase, ao menos, una proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente.

Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados ás mesmas.





Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Quedarán a criterio do profesor a través do seguimento diario do alumno, valorando os avances en cada un dos obxectivos e contidos do curso e a correcta integración por parte do alumno deses aspectos.

1.4.7 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

A perda de avaliación continua ou no caso de que o alumno perda o seu dereito á avaliación continua, segundo se recolle na normativa interna do Conservatorio, realizará unha proba alternativa, exposta anteriormente na programación xeral. Ademais deberá cantar 2 obras escritas en italiano, 1 de memoria. O alumno será examinado dos obxectivos e contidos establecidos na programación da materia.

Probas extraordinarias de setembro

Constará dos mesmos requisitos que no procedemento de recuperación ordinaria.

1.4.8 Recursos didácticos

Dotarase ao alumno dos coñecementos básicos sobre fonética e estruturas gramaticais básicas para a tradución de textos, a través de material didáctico que poida empregar de xeito autónomo e co cal poida realizar traducións e transcripcións fonéticas de partituras do repertorio, así como traducións de artigos sobre o canto.

Traballos Didácticos:





- Transcripción fonética de textos.
- Lectura detida dos mesmos.
- Tradución de textos cantados. Tradución do repertorio do alumno.
- Declamación dos textos cantados.
- Interpretación cantada do mesmo atendendo á pronunciación correcta.
- Audición comentada por diferentes intérpretes, de distintas nacionalidades, da obra traballada.
- Estudo da lingua mediante soporte audiovisual.

Estratexias de Aprendizaxe:

- Técnicas de estudo fundamentais na aprendizaxe dunha lingua estranxeira: manexo do dicionario e outros libros de consulta, técnicas de lectura, técnicas de comprensión auditiva, etc.

Material e Lugar:

- Aula que dispoña de radio-cassette-cd. Tv e vídeo.
- Unidades didácticas.
- Cds e Cassettes do método de italiano.
- Cds, e vídeos de óperas e cantantes.
- Partituras, piano, encerado.





- Textos en italiano.
- Diccionario español-italiano Larousse.
- Libros e artigos diferentes para traducir.
- Libro do estudante: “Corso Comunicativo di italiano per stranieri-L’italiano per stranieri (primo livello)” (Gruppo Meta) + Cintas de audio-cassette.
- Libro de exercicios.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA ITALIANO

- “L’italiano per studenti – Corso comunicativo di italiano per stranieri – Libro dello studente (primo livello)” (Gruppo Meta)
- “Libro de exercicios máis dos cassettes” (Gruppo Meta)
- Diccionario italiano- español Larousse.





1.5 Curso: Lingua Alemana I Curso

1.5.1 Obxectivos

- Adquirir unha pronunciación correcta da lingua alemá standard.
- Coñecer o valor da transcripción fonética e utilizala nos textos cantados polo alumno.
- Identificar os fonemas do alemán (modo e lugar de articulación, relación entre fonemas e grafemas).
- Utilizar dicionarios de fonética como apoio a unha lectura correcta dos textos que se van cantar.
- Interpretar as distintas posibilidades de entoación dunha oración en alemán.
- Diferenciar a acentuación do español e do alemán.
- Pronunciar correctamente os textos das partituras en alemán do repertorio do alumno.
- Proporcionar ao alumno os medios necesarios que lle permitan comprender e empregar correctamente o idioma alemán, tanto escrito como falado.
- Ler con sentido e expresión textos do repertorio lírico adecuado a cada alumno. Declamalos, coa técnica de fraseo e acentuación adecuada.
- Cantar, pronunciando correctamente, respectando a técnica da impostación da voz sen que un aspecto vaia en detrimento do outro.





- Traducir todos os textos do repertorio lírico de cada alumno.
-

1.5.2 Contidos

- Ao longo dos cursos traballaranse aspectos gramaticais, de fonética e ortografía, así como de morfoloxía e sintaxe.
- Adestraranse as destrezas fonéticas (articulación, emisión correcta, recoñecemento, aplicación á fonética cantada, coñecemento das regras do sistema fonético-fonolóxico).
- Utilización do repertorio individualizado para a adquisición e realización automatizada do sistema fonético-fonolóxico.
- Comprensión global dos textos poéticos-literarios e coñecemento do seu contexto histórico, cultural e artístico.
- Análise fonético.
- Comprensión global de mensaxes orais. Reprodución e produción de mensaxes orais.

A pronuncia non presenta dificultades moi serias. Aínda que é verdade que existen en alemán uns cantos sons descoñecidos do castelán (por exemplo as vogais modificadas).

Por outra banda hase de observar que a ortografía alemá é regular como a do castelán, salvo algunhas excepcións, ao mesmo son corresponden sempre as mesmas letras.

A dificultade que ten o hispanofalante é a falta da colocación do acento tónico que non vén indicada na ortografía.





Fonética

- Transcrición internacional
- Alfabeto alemán
- Vocais longas e breves.
- A vocal 'e' e as súas variacións
- Vocais modificadas: Umlaute ä, ö, ü
- Diptongos.

Consonantes

ich laut / ach laut

O 's'

As oclusivas xordas: p, t, k e sonoras: b, d, g ao final de palabra e ao final de sílaba

Os sons e combinacións de consonantes: sch, sp, st

As fricativas w, f, v, b

O son aspirado h

Nasais: m, n, ng

Palabras estranxeiras

Léxico

Na primeira etapa usarase como base as cancións achegadas polos profesores de canto. Os alumnos coñecerán algúns campos semánticos relacionados con cancións e óperas por exemplo: sentimentos (amor e odio), morte, música, guerra,





familia, natureza, relixión, monarquía, etc. Para apoiar a comprensión dos textos que cantan.

Coñecementos básicos de gramática

Comprensión auditiva

Identificar e reproducir de maneira autónoma os elementos da pronuncia, entoación e ritmo da lingua alemá, fonemas, aplicar a transcripción internacional.

Captar o sentido global da información de mensaxes orais breves en situacións próximas ao alumno.

Expresión oral

Corrixirse a se mesmos, cando se dan conta de erros ou malentendidos.

Pronunciar correctamente e ler fluidamente un texto coñecido dándolle sentido.

Falar coherentemente coa entoación correcta, coa pronuncia correcta e en velocidade normal.

Comprensión escrita

Dependendo do grao actual dos coñecementos ler de forma comprensiva textos breves e sinxelos, identificando os aspectos relevantes.





1.5.3 **Avaliación**

1.5.4 **Criterios de avaliación**

Ao ser unha materia eminentemente práctica a avaliación será continua, observando a progresión dos alumnos nas clases no traballo de casa, e facendo especial fincapé nos aspectos que entrañen maior dificultade para cada un. Valoraranse e avaliarán aspectos como:

ANÁLISE FONÉTICO E LECTURA DE TEXTOS MUSICAIS.

Avaliarase así o progreso do alumno a comprensión da fonética e a adecuación dos coñecementos fonéticos á produción oral lida dos mesmos.

PONDERACIÓN: 40%

MEMORIZACIÓN DE TEXTOS, RECITACIÓN E INTERPRETACIÓN CANTADA.

Analizarase así a comprensión dos textos e a súa aplicación ao canto.

PONDERACIÓN: 50%

TRADUCCIÓN DE TEXTOS CON DICCIONARIOS BILINGÜES.

Avaliarase así o progreso do alumno nas súas capacidades para traducir e así poder entender os textos que cantará posteriormente.

PONDERACIÓN: 10%





1.5.5 Mínimos esixibles

Ao termo do primeiro curso, o alumno haberá de ser capaz de realizar as seguintes funcións:

- Comprensión global de mensaxes orais.
- Reprodución e produción de mensaxes orais básicos.
- Utilización do repertorio individualizado para a adquisición e realización automatizada do sistema fonético-fonolóxico.
- Comprensión global dos textos poético-literarios básicos e coñecementos do seu contexto histórico, cultural e artístico.
- Tradución tan fidedigna como sexa posible do repertorio.
- Construcións gramaticais básicas.
- Adestramento das destrezas fonéticas (articulación, emisión correcta, recoñecemento e diferenciación auditiva dos fonemas, pronuncia correcta, aplicación á fonética cantada, coñecemento das regras do sistema fonético).
- Entoación: pautas básicas
- Recoñecemento de símbolos fonéticos
- O contido léxico abranguerá o vocabulario activo e pasivo necesario para desenvolver adecuadamente os contidos funcionais-comunicativos recollidos no repertorio do 3º curso de canto.
- Vocabulario recorrente en poesía e música así como o léxico pasivo básico de libros de lectura adecuados a este nivel.





1.5.6 Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos:

- Observación individual do aprendizaxe mostrado nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e autocorrección.
- Observación do seu rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.

Ferramentas:

- Diario de aula.
- Boletín de cualificacións

Criterios de cualificación

Ao longo do curso realizarase unha avaliación continua na que se avaliarán os progresos do alumno mediante actividades como: transcripción fonética, tradución e lectura dun texto, así como interpretación de obras do repertorio.

Calibración

Realizarase, ao menos, una proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente.





Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados ás mesmas.

Crterios para a concesión de ampliación de matrícula

Quedará a criterio do profesor a través do seguimento diario do alumno, valorando os avances en cada un dos obxectivos e contidos do curso e a correcta integración por parte do alumno deses aspectos.

1.5.7 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Aqueles alumnos que pola súa porcentaxe de faltas de asistencia perdan, segundo establece a normativa de réxime interno do Conservatorio, o dereito á avaliación continua poderán realizar unha proba alternativa na que se avaliarán os obxectivos e contidos determinados na programación mediante as tarefas seguintes: transcripción fonética, tradución e lectura dun texto, preguntas sobre aspectos gramaticais do mesmo. Interpretación de 2 pezas do repertorio lírico escritas orixinalmente no idioma, 1 das cales deberá ser executada de memoria”.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional Manuel Quiroga
Avenida JUAN CARLOS I 4 Pontevedra
CP 36004 Pontevedra
Tfno. 886151545, Fax 886151552
cmus.pontevedra@edu.xunta.es

Probas extraordinarias de setembro

Constará dos mesmos requisitos que no procedemento de recuperación ordinaria.

1.5.8 Recursos didácticos

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

“Themen 1 Aktuell-Kursbuch” (Ed. Hueber)

Diccionario bilingüe da editorial Langenscheidt

Partituras de canto e libretos de ópera alemá



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



1.6 Curso: Lingua Alemá II Curso

1.6.1 Obxectivos

- Adquirir unha pronunciación correcta da lingua alemá standard.
- Coñecer o valor da transcripción fonética e utilizala nos textos cantados polo alumno.
- Identificar os fonemas do alemán (modo e lugar de articulación, relación entre fonemas e grafemas).
- Utilizar dicionarios de fonética como apoio a unha lectura correcta dos textos que se van cantar.
- Interpretar as distintas posibilidades de entoación dunha oración en alemán.
- Diferenciar a acentuación do español e do alemán.
- Pronunciar correctamente os textos das partituras en alemán do repertorio do alumno.
- Proporcionar ao alumno os medios necesarios que lle permitan comprender e empregar correctamente o idioma alemán, tanto escrito como falado.
- Ler con sentido e expresión textos do repertorio lírico adecuado a cada alumno. Declamalos, coa técnica de fraseo e acentuación adecuada.
- Cantar, pronunciando correctamente, respectando a técnica da impostación da voz sen que un aspecto vaia en detrimento do outro.





- Traducir todos os textos do repertorio lírico de cada alumno.
-

1.6.2 Contidos

- Ao longo dos cursos traballaranse aspectos gramaticais, de fonética e ortografía, así como de morfoloxía e sintaxe.
- Adestraranse as destrezas fonéticas (articulación, emisión correcta, recoñecemento, aplicación á fonética cantada, coñecemento das regras do sistema fonético-fonolóxico).
- Utilización do repertorio individualizado para a adquisición e realización automatizada do sistema fonético-fonolóxico.
- Comprensión global dos textos poéticos-literarios e coñecemento do seu contexto histórico, cultural e artístico.
- Análise fonético.
- Comprensión global de mensaxes orais. Reprodución e produción de mensaxes orais.

A pronuncia non presenta dificultades moi serias. Aínda que é verdade que existen en alemán uns cantos sons descoñecidos do castelán (por exemplo as vogais modificadas).





Por outra banda hase de observar que a ortografía alemá é regular como a do castelán, salvo algunhas excepcións, ao mesmo son corresponden sempre as mesmas letras.

A dificultade que ten o hispanofalante é a falta da colocación do acento tónico que non vén indicada na ortografía.

Fonética

- Transcrición internacional
- Alfabeto alemán
- Vocais longas e breves.
- A vocal 'e' e as súas variacións
- Vocais modificadas: Umlaute ä, ö, ü
- Diptongos.

Consonantes

ich laut / ach laut

O 's'

As oclusivas xordas: p, t, k e sonoras: b, d, g ao final de palabra e ao final de sílaba

Os sons e combinacións de consonantes: sch, sp, st

As fricativas w, f, v, b

O son aspirado h

Nasais: m, n, ng





Palabras estranxeiras

Léxico

Na primeira etapa usarase como base as cancións achegadas polos profesores de canto. Os alumnos coñecerán algúns campos semánticos relacionados con cancións e óperas por exemplo: sentimentos (amor e odio), morte, música, guerra, familia, natureza, relixión, monarquía, etc. Para apoiar a comprensión dos textos que cantan.

Coñecementos básicos de gramática

Comprensión auditiva

Identificar e reproducir de maneira autónoma os elementos da pronuncia, entoación e ritmo da lingua alemá, fonemas, aplicar a transcripción internacional.

Captar o sentido global da información de mensaxes orais breves en situacións próximas ao alumno.

Expresión oral

Corrixirse a se mesmos, cando se dan conta de erros ou malentendidos.

Pronunciar correctamente e ler fluidamente un texto coñecido dándolle sentido.

Falar coherentemente coa entoación correcta, coa pronuncia correcta e en velocidade normal.





Comprensión escrita

Dependendo do grao actual dos coñecementos ler de forma comprensiva textos breves e sinxelos, identificando os aspectos relevantes.

1.6.3 Avaliación

1.6.4 Criterios de avaliación

ANÁLISE FONÉTICO E LECTURA DE TEXTOS MUSICAIS.

